

2023
2024



FORMACIÓN
PROFESIONAL



o futuro
nas túas mans

Familia profesional

Imaxe
persoal



XUNTA
DE GALICIA





CB Peiteado e estética

Ciclo formativo de grao básico

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Aplicar técnicas de limpeza e cambios de forma e cor do cabelo, así como técnicas básicas de maquillaxe, depilación, manicura e pedicura, atendendo á clientela e preparando os equipamentos, os materiais e as aéreas de traballo con responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa? Actividades por conta allea en salóns de peiteado e de beleza, en salas de peiteado e/ou estética, en ximnasia ou centros de beleza de hoteis, residencias de persoas maiores, hospitais e balnearios, baixo a supervisión de persoal técnico responsables. Tamén poden realizar de xeito autónomo servizos básicos de peiteado, manicura e pedicura, depilación e maquillaxe.

Que ocupacións se desempeñan? Auxiliar de peiteado; axudante de manicura e pedicura; axudante de maquillaxe; auxiliar de depilación.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3065	Cambio de cor do cabelo	150
1º	AM3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	AM3011	Comunicación e ciencias sociais I	206
1º	MP3062	Depilación mecánica e descoloración da peluxe superflua	117
1º	MP3064	Lavado e cambios de forma do cabelo	175
1º	MP3060	Preparación do contorno profesional	87
2º	MP3005	Atención á clientela	58
2º	AM3042	Ciencias aplicadas II	162
2º	MP3061	Coidados estéticos básicos de uñas	135
2º	AM3012	Comunicación e ciencias sociais II	135
2º	MP3067	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3063	Maquillaxe	218

Nota. No primeiro curso dedícanse 35 horas á titoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico básico en Peiteado e estética.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP3061	Coidados estéticos básicos de uñas.	UC0344_1 Aplicar coidados estéticos básicos en uñas.
MP3062	Depilación mecánica e descoloración da peluxe superflua.	UC0345_1 Eliminar por procedementos mecánicos e descolorar a peluxe.
MP3063	Maquillaxe.	UC0346_1 Realizar maquillaxes de día.
MP3064	Lavado e cambios de forma do cabelo.	UC0059_1 Realizar montaxes para os cambios de forma temporais e permanentes e inicio do peiteado.
MP3065	Cambio de cor do cabelo.	UC0060_1 Aplicar técnicas de cor e descoloración do cabelo.
MP3060	Preparación do contorno profesional.	UC0058_1 Preparar os equipamentos e lavar e acondicionar o cabelo e o coiro cabeludo. UC0343_1 Preparar os equipamentos e realizar operacións de atención e acomodación da clientela en condicións de calidade, seguridade e hixiene.
MP3005	Atención á clientela.	UC1329_1 Proporcionarlle á clientela atención e información operativa, estruturada e protocolizada.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0344_1 Aplicar coidados estéticos básicos en uñas.	MP3061 Coidados estéticos básicos de uñas.
UC0345_1 Eliminar por procedementos mecánicos e descolorar a peluxe.	MP3062 Depilación mecánica e descoloración da peluxe superflua.
UC0346_1 Realizar maquillaxes de día.	MP3063 Maquillaxe.
UC0059_1 Realizar montaxes para os cambios de forma temporais e permanentes e inicio do peiteado.	MP3064 Lavado e cambios de forma do cabelo.
UC0060_1 Aplicar técnicas de cor e descoloración do cabelo.	MP3065 Cambio de cor do cabelo.
UC0058_1 Preparar os equipamentos e lavar e acondicionar o cabelo e o coiro cabeludo. UC0343_1 Preparar os equipamentos e realizar operacións de atención e acomodación da clientela en condicións de calidade, seguridade e hixiene.	MP3060 Preparación do contorno profesional.
UC1329_1 Proporcionarlle á clientela atención e información operativa, estruturada e protocolizada.	MP3005 Atención á clientela.

CM Estética e beleza

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Aplicar técnicas de embeleceamento persoal e comercializar servizos de estética, cosméticos e perfumes, cumprindo os procedementos de calidade e os requisitos de prevención de riscos laborais e protección ambiental establecidos na normativa.

En que ámbitos se traballa? En medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética, maquillador/ora, técnico/a en uñas artificiais, técnico/a en depilación, técnico/a en manicura e pedicura, recepcionista en empresas estéticas, demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas, axente comercial en empresas do sector, asesor/ora vendedor/ora en perfumarías e drogarías.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0638	Análise estética	107
1º	MP0641	Cosmetoloxía para estética e beleza	160
1º	MP0636	Estética de mans e pés	107
1º	MP0644	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0640	Imaxe corporal e hábitos saudables	133
1º	MP0634	Maquillaxe	160
1º	MP0633	Técnicas de hixiene facial e corporal	186
2º	MP0639	Actividades en cabina de estética	157
2º	MP0635	Depilación mecánica e descoloración da peluxe	140
2º	MP0645	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0646	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0643	Márketing e venda en imaxe persoal	70
2º	MP0642	Perfumaría e cosmética natural	105
2º	MP0637	Técnicas de uñas artificiais	105

Nota. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Estética e beleza.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0635 Depilación mecánica e descoloración da peluxe.	UC0345_1 Eliminar por procedementos mecánicos e descolorar a peluxe.
MP0633 Técnicas de hixiene facial e corporal.	UC0355_2 Aplicar técnicas estéticas de hixiene e hidratación facial e corporal.
MP0634 Maquillaxe.	UC0065_2 Mellorar a harmonía do rostro con estilos de maquillaxe social.
MP0637 Técnicas de uñas artificiais.	UC0358_2 Elaborar e aplicar uñas artificiais.
MP0636 Estética de mans e pés.	UC0357_2 Aplicar técnicas estéticas para coidar e embelecer as uñas. UC0359_2 Realizar tratamentos estéticos de mans e pés.
MP0643 Márketing e venda en imaxe persoal.	UC0352_2 Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal.
MP0638 Análise estética.	UC0354_2 Atender a clientela do servizo estético de hixiene, depilación e maquillaxe en condicións de seguridade, saúde e hixiene.
MP0641 Cosmetoloxía para estética e beleza.	UC0356_2 Atender a clientela do servizo estético de mans e pés en condicións de seguridade, hixiene e saúde.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0345_1 Eliminar por procedementos mecánicos e descolorar a peluxe.	MP0635 Depilación mecánica e descoloración da peluxe.
UC0354_2 Atender a clientela do servizo estético de hixiene, depilación e maquillaxe en condicións de seguridade, saúde e hixiene.	
UC0355_2 Aplicar técnicas estéticas de hixiene e hidratación facial e corporal.	MP0633 Técnicas de hixiene facial e corporal.
UC0065_2 Mellorar a harmonía do rostro con estilos de maquillaxe social.	MP0634 Maquillaxe.
UC0358_2 Elaborar e aplicar uñas artificiais.	MP0637 Técnicas de uñas artificiais.
UC0357_2 Aplicar técnicas estéticas para coidar e embelecer as uñas.	MP0636 Estética de mans e pés.
UC0359_2 Realizar tratamentos estéticos de mans e pés.	
UC0352_2 Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal.	MP0643 Márketing e venda en imaxe persoal.
UC0354_2 Atender a clientela do servizo estético de hixiene, depilación e maquillaxe en condicións de seguridade, saúde e hixiene.	MP0638 Análise estética. MP0641 Cosmetoloxía para estética e beleza.
UC0356_2 Atender a clientela do servizo estético de mans e pés en condicións de seguridade, hixiene e saúde.	

Nota. O módulo profesional MP0639: actividades en cabina de estética validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CM Peiteado e cosmética capilar

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Realizar o coidado e o embelecemento do cabelo, a estética de mans e pés e o estilismo masculino, así como comercializar servizos e venda de cosméticos, cumprindo os protocolos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

En que ámbitos se traballa? En empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolve tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

Que ocupacións se desempeñan? Peiteador/ora, barbeiro/a, técnico/a en coloracións capilares, técnico/a en cambios de forma do cabelo, técnico/a en corte de cabelo, técnico/a en postizaría, técnico/a en manicura, técnico/a en pedicura, técnico/a ou axente comercial de empresas do sector, recepcionista en empresas de peiteado, demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0849	Análise capilar	107
1º	MP0844	Cosmética para peiteado	160
1º	MP0636	Estética de mans e pés	107
1º	MP0851	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0640	Imaxe corporal e hábitos saudables	133
1º	MP0848	Peiteado e estilismo masculino	80
1º	MP0842	Peiteados e recollidos	266
2º	MP0846	Cambios de forma permanente do cabelo	87
2º	MP0843	Coloración capilar	210
2º	MP0852	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0853	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0643	Márketing e venda en imaxe persoal	70
2º	MP0845	Técnicas de corte do cabelo	210

Nota. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Peiteado e cosmética capilar.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0842 Peiteados e recollidos.	UC0058_1 Preparar os equipamentos e lavar e acondicionar o cabelo e o coiro cabeludo. UC0349_2 Modificar a forma do cabelo temporalmente, peitealo e/ou recollelo.
MP0845 Técnicas de corte do cabelo.	UC0351_2 Cortar o cabelo e realizar o arranxo e o rasurado de barba e bigote.
MP0636 Estética de mans e pés.	UC0357_2 Aplicar técnicas estéticas para coidar e embelecer as uñas. UC0359_2 Realizar tratamentos estéticos de mans e pés.
MP0843 Coloración capilar.	UC0348_2 Realizar cambios de cor totais ou parciais no cabelo.
MP0846 Cambios de forma permanente do cabelo.	UC0350_2 Realizar cambios de forma permanente no cabelo.
MP0643 Márketing e venda en imaxe persoal.	UC0352_2 Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal.
MP0844 Cosmética para peiteado. MP0849 Análise capilar.	UC0347_2 Realizar a análise capilar, para deseñar protocolos de traballos técnicos e aplicar coidados capilares estéticos. UC0356_2 Atender a clientela do servizo estético de mans e pés en condicións de seguridade, hixiene e saúde.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0058_1 Preparar os equipamentos e lavar e acondicionar o cabelo e o coiro cabeludo. UC0349_2 Modificar a forma do cabelo temporalmente, peitealo e/ou recollelo.	MP0842 Peiteados e recollidos.
UC0351_2 Cortar o cabelo e realizar o arranxo e o rasurado de barba e bigote.	MP0845 Técnicas de corte do cabelo.
UC0357_2 Aplicar técnicas estéticas para coidar e embelecer as uñas. UC0359_2 Realizar tratamentos estéticos de mans e pés.	MP0636 Estética de mans e pés.
UC0348_2 Realizar cambios de cor totais ou parciais no cabelo.	MP0843 Coloración capilar.
UC0350_2 Realizar cambios de forma permanente no cabelo.	MP0846 Cambios de forma permanente do cabelo.
UC0352_2 Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal.	MP0643 Márketing e venda en imaxe persoal.
UC0347_2 Realizar a análise capilar, para deseñar protocolos de traballos técnicos e aplicar coidados capilares estéticos. UC0356_2 Atender a clientela do servizo estético de mans e pés en condicións de seguridade, hixiene e saúde.	MP0844 Cosmética para peiteado. MP0849 Análise capilar.

Nota. O módulo profesional MP0848: peiteado e estilismo masculino validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Deseñar e organizar proxectos de asesoramento en imaxe persoal, empresarial e institucional, organizar eventos e planificar os procesos de adestramento persoal en habilidades de comunicación, protocolo e usos sociais, respectando criterios de calidade, seguridade, respecto polo ambiente e deseño universal.

En que ámbitos se traballa? En empresas do sector de servizos dedicadas á asesoría de imaxe persoal, corporativa e pública, ou integrarse en equipos multidisciplinares de calquera empresa, en departamentos de comunicación ou marketing. De igual modo, poden exercer a súa actividade en establecementos dedicados á venda de vestuario, complementos e cosméticos, onde desenvolverán tarefas nas áreas funcionais de deseño dunha nova imaxe persoal, pública e corporativa, e na organización e na prestación de servizos. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou ben por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

Que ocupacións se desempeñan? Director/ora técnico/a e artístico/a en producións audiovisuais, escénicas e de moda; técnico/a de protocolo e cerimonial en institucións públicas e privadas; experto/a en etiqueta e usos sociais; asesor/ora consultor/ora de estilismo no vestir; asesor/ora de estilos e tendencias; asistente técnico/a de imaxe política, cultural e artística; asesor/ora en comercios de vestuario e complementos; asesor/ora de imaxe en medios audiovisuais e de moda; técnico/a comercial; asesor/ora consultor/ora de imaxe corporativa; experto/a en habilidades comunicativas; técnico/a especialista en gabinetes de relacións públicas; técnico/a especialista en imaxe en departamento de marketing; director/ora de gabinete de asesoría de imaxe; consultor/ora asesor/ora de protocolo e organización de actos e eventos; asesor/ora na compra de vestuario, complementos, regalos e cosméticos; asistente persoal no coidado da imaxe; organizador/ora de vodas.—Asesor/ora de prensa especializada en imaxe persoal.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1181	Asesoría cosmética	133
1º	MP1184	Asesoría de peiteado	187
1º	MP1187	Asesoría estética	187
1º	MP1183	Estilismo en vestuario e complementos	213
1º	MP1191	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1188	Habilidades comunicativas	133
2º	MP1182	Deseño de imaxe integral	158
2º	MP1071	Dirección e comercialización	87
2º	MP1192	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1193	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1189	Imaxe corporativa	105
2º	MP1185	Protocolo e organización de eventos	140
2º	MP1190	Proxecto de asesoría de imaxe persoal e corporativa	26
2º	MP1186	Usos sociais	87

Nota. Os módulos en groma están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Asesoría de imaxe persoal e corporativa.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP1182	Deseño de imaxe integral.	UC1248_3 Realizar o estudo da imaxe persoal para propor proxectos de cambio personalizados.
MP1183	Estilismo en vestiario e complementos.	UC1251_3 Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante a indumentaria e os complementos.
MP1184	Asesoría de peiteado.	UC0793_3 Asesorar a clientela sobre a súa imaxe persoal, mediante o coidado e a transformación estética do cabelo e do pelo do rostro. UC1249_3 Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante o coidado e a transformación estética do cabelo e do pelo do rostro.
MP1185	Protocolo e organización de eventos.	UC1252_3 Asesorar a clientela nas actuacións de protocolo e usos sociais relacionados coa imaxe persoal.
MP1186	Usos sociais.	
MP1187	Asesoría estética.	UC1250_3 Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante coidados estéticos.
MP1188	Habilidades comunicativas.	UC1253_3 Asesorar a clientela en técnicas de comunicación relacionadas coa imaxe persoal.
MP1071	Dirección e comercialización.	UC0352_2 Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal. UC0795_3 Dirixir e xestionar as actividades desenvolvidas en empresas de imaxe persoal.

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1248_3	Realizar o estudo da imaxe persoal para propoñer proxectos de cambio personalizados.	MP1182	Deseño de imaxe integral.
UC1251_3	Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante a indumentaria e os complementos.	MP1183	Estilismo en vestuario e complementos.
UC0793_3	Asesorar a clientela sobre a súa imaxe persoal, mediante o coidado e a transformación estética do cabelo e do pelo do rostro.	MP1184	Asesoría de peiteado.
UC1249_3	Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante o coidado e a transformación estética do cabelo e do pelo do rostro.		
UC1252_3	Asesorar a clientela nas actuacións de protocolo e usos sociais relacionados coa imaxe persoal.	MP1185 MP1186	Protocolo e organización de eventos. Usos sociais.
UC1250_3	Asesorar a clientela sobre cambios na súa imaxe persoal mediante coidados estéticos.	MP1187	Asesoría estética.
UC1253_3	Asesorar a clientela en técnicas de comunicación relacionadas coa imaxe persoal.	MP1188	Habilidades comunicativas.
UC0352_2	Asesorar e vender produtos e servizos para a imaxe persoal.	MP1071	Dirección e comercialización.
UC0795_3	Dirixir e xestionar as actividades desenvolvidas en empresas de imaxe persoal.		

Nota. O módulo profesional MP1181: asesoría cosmética validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Caracterización e maquillaxe profesional

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Planificar e realizar a montaxe de proxectos de caracterización para medios audiovisuais e escénicos, así como deseñar e realizar próteses, perrucas e maquillaxes sociais, profesionais e artísticas, coordinando os medios técnicos e humanos, e respectando os criterios de calidade, seguridade, protección ambiental e deseño universal.

En que ámbitos se traballa? En empresas, maioritariamente privadas, dedicadas ao desenvolvemento de proxectos de caracterización para producións audiovisuais e escénicas, en talleres e estudos de caracterización e en empresas dedicadas á maquillaxe profesional, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de xestión e supervisión, deseño, organización e prestación de servizos, así como na fabricación de postizos, perrucas e próteses de caracterización, ben como traballadoras e traballadores autónomos ou ben por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan? Caracterizador/ora; xefe/a de maquillaxe para medios audiovisuais e actividades e actuacións escénicas; peiteador/ora para caracterización; maquillador/ora para medios audiovisuais e actividades e actuacións escénicas; posticeiro/a; xefe/a de caracterización; xefe/a de peiteado para espectáculos e medios audiovisuais; especialista en próteses e efectos especiais de caracterización; deseñador/ora de personaxes de caracterización; formador/ora técnico/a en caracterización; técnico/a comercial.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1264	Creación de próteses faciais e corporais	213
1º	MP1267	Deseño dixital de personaxes 2D 3D	80
1º	MP1268	Deseño gráfico aplicado	133
1º	MP1271	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0685	Planificación e proxectos	107
1º	MP1266	Postizaría	213
1º	MP1269	Produtos de caracterización e maquillaxe	107
2º	MP1261	Caracterización de personaxes	157
2º	MP1263	Efectos especiais a través da maquillaxe	87
2º	MP1272	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1273	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1262	Maquillaxe profesional	193
2º	MP1265	Peiteado para caracterización	140
2º	MP1270	Proxecto de caracterización e maquillaxe profesional	26

Nota. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Caracetrización e maquillaxe profesional.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0685 Planificación e proxectos.	UC1254_3 Elaborar proxectos de caracterización de personaxes en función de proxectos artísticos. UC1255_3 Planificar, organizar e xestionar proxectos de caracterización.
MP1261 Caracterización de personaxes	UC1517_3 Procurar información e documentar a historia e a evolución do vestir para proxectos escénicos.

Módulos profesionales superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1262	Maquillaxe profesional.	UC0066_2	Maquillar para medios escénicos e producións audiovisuais.
MP1261	Caracterización de personaxes.	UC1259_3	Realizar a caracterización de personaxes e os efectos especiais de maquillaxe.
MP1262	Maquillaxe profesional.		
MP1263	Efectos especiais a través da maquillaxe.		
MP1264	Creación de próteses faciais e corporais.	UC1256_3	Elaborar próteses faciais e corporais para caracterización.
MP1265	Peiteado para caracterización.	UC0794_3	Realizar protocolos técnicos e peiteados para salóns de peiteado e producións audiovisuais e escénicas.
		UC1258_2	Aplicar técnicas de peiteado para caracterización.
MP1266	Postizaría.	UC1257_3	Elaborar próteses pilosas para caracterización.

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1254_3	Elaborar proxectos de caracterización de personaxes en función de proxectos artísticos.	MP0685	Planificación e proxectos.
UC1255_3	Planificar, organizar e xestionar proxectos de caracterización.		
UC1259_3	Realizar a caracterización de personaxes e os efectos especiais de maquillaxe.	MP1261	Caracterización de personaxes.
UC1517_3	Procurar información e documentar a historia e a evolución do vestir para proxectos escénicos.		
UC0066_2	Maquillar para medios escénicos e producións audiovisuais.		
UC1259_3	Realizar a caracterización de personaxes e os efectos especiais de maquillaxe.	MP1262	Maquillaxe profesional.
UC1259_3	Realizar a caracterización de personaxes e os efectos especiais de maquillaxe.		
UC1259_3	Realizar a caracterización de personaxes e os efectos especiais de maquillaxe.	MP1263	Efectos especiais a través da maquillaxe.
UC1256_3	Elaborar próteses faciais e corporais para caracterización.	MP1264	Creación de próteses faciais e corporais.
UC0794_3	Realizar protocolos técnicos e peiteados para salóns de peiteado e producións audiovisuais e escénicas.	MP1265	Peiteado para caracterización.
UC1258_2	Aplicar técnicas de peiteado para caracterización.		
UC1257_3	Elaborar próteses pilosas para caracterización.		
UC1257_3	Elaborar próteses pilosas para caracterización.	MP1266	Postizaría.

Nota. Os módulos profesionais MP1269. Productos de caracterización e maquillaxe e MP1268. Deseño gráfico aplicando validaránse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia incluídas no título, de acordo co procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral establecido no Real decreto 1224/2009 do 17 de xullo.

CS Estética integral e benestar

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Dirixir e organizar o desenvolvemento dos servizos estéticos, planificar e realizar tratamentos estéticos relacionados coa imaxe e o benestar, e aplicar técnicas estéticas hidrotermais, depilación e implantación de pigmentos, asegurando a calidade, a prevención de riscos laborais e a xestión ambiental.

En que ámbitos se traballa? No sector de cuidados da imaxe persoal, no subsector de cuidados estéticos, en pequenas e medianas empresas, maioritariamente privadas, nas áreas de tratamentos estéticos integrais, estética hidrotermal, microimplantación de pigmentos, depilación avanzada, masaxe estética e drenaxe, e asesoramento en tratamentos e produtos cosméticos. Trátase de profesionais por conta propia que traballan xestionando a súa propia empresa ou de profesionais por conta allea, que exercen a súa actividade profesional como empregados ou xefes de área ou departamento.

